

A CONTRACULTURA DOS 80: ECONOMÍA, IDEOLOXÍA E SOCIEDADE SEGUNDO O PARADIGMA NEOCONSERVADOR¹

XOSÉ HENRIQUE VÁZQUEZ VICENTE

Alumno de 4º Curso da Sección de Ciencias Empresariais
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Neoconservadurismo, Kulturkampf, Contracultura, Laissez-faire, Welfare State, Big Government.*

Key words: *Neoconservatism, Kulturkampf, Contraculture, Laissez-faire, Welfare State, Big Government.*

Resumo

O seguinte artigo é un extracto da primeira parte dun traballo de investigación sobre a influencia e repercusións do neoconservadurismo —fundamentalmente o norteamericano— no eido social, político e económico mundial.

Así, nesta primeira parte inténtase formar unha opinión sobre cales foron os antecedentes do neoconservadurismo, de que xeito se xestou, en que radica a súa posible orixinalidade e, en definitiva, que foi o que significou e cales foron as súas repercusións, facendo especial fincapé na época Reagan.

Abstract

The following paper is an extract from the first part of a research project about the influence and repercussions of neoconservatism —fundamentally from the United States— on the world's social, political and economic climate.

The main objective of this first part is to form an opinion about the precursors to neoconservatism, its modes of management, how it began and what it signified, putting a particular emphasis on the Reagan years.

1. LIMIAR

Hai quen di que as grandes ideoloxías, os dogmas e as crenzas están morrendo hoxe en día; hai quen sostén que o mundo acepta o seu fado sen maior reflexión, en tanto que os pais e os avós dunha xuventude que vai perdendo os ideais polos que loitar se queixan da indiferencia das novas xeracións, sen darse de conta de que o presente que hoxe teñen os mozos non foi creado por eles mesmos, senón herdado dos seus devanceiros. A pesar disto, nesta época que nos tocou vivir e na que o individualismo, o materialismo e a insolidariedade van gañando terreo, é evidente que estas aseveracións son moi cuestionables, pois as ideoloxías son inherentes ó home, incluso para moitos a súa razón de ser, e de aí que poidamos estar seguros de que non son as ideas as que guían o mundo, senón que é o mundo o que crea incesantemente ideas; este é o verdadeiro motivo de que sigamos avanzando e por iso é tamén de especial interese comprendermos e coñecermos unha destas ideoloxías; o neoconservadurismo.

Non lles será posible ós historiadores narrar e describi-los feitos acaecidos na década dos oitenta sen antes analiza-la filosofía do neoconservadurismo e, sobre todo, a do neo-

conservadurismo norteamericano. Para algúns, este movemento significará o comezo dunha nova concepción do que debe se-la dereita (no seu sentido máis amplo), mentres que para outros, sen embargo, non aportará nada novo ou orixinal, e será simplemente unha desas tendencias que levan consigo o termo *neo* como tantas outras hoxe en día. Quizais se dixesemos que ninguén está totalmente errado e que todos teñen a súa parte de razón, estaríamos escollendo a solución menos problemática e polo tanto a máis doada de soste, pero non sería menos certo, por isto, que esta nova dereita que mantén boa parte das características do conservadurismo de sempre, conta cunha nova composición do seu electorado ó mesmo tempo que lle quita á esquerda o monopolio da intelectualidade e moitos dos seus métodos para chegar ó pobo. Estes e moitos outros son os puntos fundamentais que caracterizan o neoconservadurismo e dos que trataremos ó longo destas páxinas; confiamos en que así se poida concluír facilmente onde comeza e onde remata a orixinalidade dun proxecto político-social ó que de ningún xeito a perda dunhas eleccións poderá aniquilar.

2. INTRODUCCIÓN: DA INCERTEZA HERDADA DA ADMINISTRACIÓN CARTER Ó TRIUNFO DA OPCIÓN CONSERVADORA

En Novembro de 1976 un comerciante por xunto gañaba as eleccións presidenciais estadounidenses. James Earl Carter chegaba á Casablanca despois de ter sido senador demócrata por Xeorxia en 1962 e gobernador do mesmo estado en 1970. Eran anos críticos para os americanos xa que ademais da crise económica, a clase política dese país recibira un duro golpe por mor do caso "Watergate"; falábase de corrupción, segredos..., en definitiva, perdérase a confianza nos estadistas polo que, nesta situación, a opinión pública norteamericana demandaba un "redentor", alguén libre de toda sospeita, e así foi como, <presentando a súa inexperiencia como proba de integridade>² e xunto con un estimulante fervor, Jimmy Carter convenueu á maioría do electorado.

Ademais de se interesar polos problemas enerxéticos e pola discriminación racial, Carter

declaraba a súa vontade de ocuparse preferentemente da reorganización do goberno e dos asuntos internos do país; sen embargo, foi probablemente a política exterior a que retivo a súa maior atención, quedándose sen apoios co paso dos anos, mesmo no seu propio partido. De grande mesías, pasou a se-lo grande torpe; aumento da inflación e do paro, caída espectacular do dólar,... Toda unha serie de puntos negros ou anomalías que apareceron como consecuencia dun desenvolvemento económico en declive dende 1973, e que supuxeron o cuestionamento do, ata entón, paradigma dominante; o Keynesianismo.

Así, neste contexto de ruptura do consenso keynesiano que implicaba o remate dunha etapa duns corenta anos de ciencia normal, os defensores do *laissez-faire* presentáronse ante o público como a nova contracultura, sostendo un discurso seductor e contrapoñéndose á orde establecida. Tratábase aínda dun paradigma secundario que loitaba co resto dos paradigmas nun período de ciencias revolucionarias —como foi a década dos setenta—, e que representaba unha mestura de residuos históricos que tiveron vixencia nalgún momento e de novos proxectos e actitudes que estaban aínda xurdindo.

A esquerda xa non era culpable de idealismo senón de inmovilismo. Os intelectuais liberais pasaban a se-los idealistas (...): <Estamos de parte da Utopía, o noso mandato non consiste en lexítima-los privilexios senón en acabar con eles; non falámo-la linguaxe do *statu quo* senón o audaz, creativo e combativo da alternativa. En suma, negamos ó intelectual de esquerdas o monopolio do progreso e da modernidade porque somos nós os que consideramos que a tradición constitúe un valor negativo>³.

Por outra banda, dende que en 1978 se producira en California unha rebelión fiscal que culminara coa Proposición 13 e a baixada drástica dos impostos, en todo o país os candidatos a administracións públicas prometían en maior ou menor medida un menor protagonismo do Estado⁵. Supoñía isto o final do New Deal Roosveltiano e, ó reclamar menos impostos, a clase media mostraba, ademais da súa insolidariedade, o seu descontento co grao de eficiencia do Estado na súa faceta asignadora de bens e servicios. Non esquezamos que o americano xulga ó Estado igual ca a calquera empresa (de

áí quizais que eles lle chamen "Administración" e non "Goberno"), e por iso sería difícil discernir onde acaba a actitude da dereita pura e dura e onde comeza o pragmatismo americano.

Ante este panorama desolador, parecía xusto que Carter fose sacrificado pola confianza que EE.UU. desexaba ter nel mesmo e nas súas institucións⁴, e el era un branco cómodo, a cabeza de turco dunha situación que xa non se conseguía controlar; en palabras de A. Finkelkraut, <era necesario converte-la parálise dun sistema na incapacidade dun home>⁶.

E deste xeito aparece en escena un actor de Hollywood dos anos 40 e 50, un home que mantivera estreitas relacións coa ultraconservadora John Birch Society: Ronald Wilson Reagan, que chegaba á Casa Blanca con G. Bush en Novembro de 1980 despois de derrotar ó candidato demócrata J. Carter e obte-lo 51% dos votos populares. O seu programa centrábase en devolver ós EE.UU. o seu poderío: unha sólida economía mediante o relanzamento do investimento e a redución da presión fiscal (Reaganomics), unha defensa nacional reforzada polo aumento dos orzamentos militares, sen temores ó intervencionismo no exterior para facer prevalece-la hexemonía norteamericana fronte ó bloque soviético, e o retorno ós valores morais tradicionais na sociedade civil. Toda unha serie de cuestións coas que, aínda que intentaremos familiarizarnos a continuación, convén comezar a reflexionar sobre a súa interrelación, destacando principalmente, ó noso entender, o obxectivo militar vía relixión, estratexia que Maquiavelo sinalara xa nos seus "Discours": "... onde xa reina a relixión, introdúcense facilmente as virtudes militares"⁷.

3. ANTECEDENTES, SIGNIFICADO E PROPOSTAS POLÍTICAS E SOCIAIS DA OFENSIVA CONSERVADORA ACTUAL

3.1. ORIXES E FORMACIÓN

Alá pola década dos setenta, cando os "hippys" comezaban a ser xa un dos últimos escollos daquela revolución cultural e estudiantil que expresaba un sentimento de rexeita total

polo sistema establecido, forxábase nos Estados Unidos unha ideoloxía que se viña fraguando xa de moitos anos antes; o **neoconservadurismo**.

Nacía como un <proxecto de lexitimización dun modo de concebi-la interrelación entre economía, política e cultura que M. Novack denominou "capitalismo democrático"⁸>. Hai quen fala de "tendencia" máis ca de "movemento"; en calquera caso, é moi difícil establecer unha única definición que poida caracterizalo debido á heteroxeneidade da súa composición (como veremos máis adiante, a procedencia dos seus membros e os seus obxetivos son do máis variado e incluso chegan a ser contrapostos). A pesar disto, e co fin de non converter este traballo nun galimatías, falaremos do neoconservadurismo como un <fenómeno sociopolítico e cultural protagonizado por un grupo de prestixiosos analistas sociais que intentan recrear un novo consenso na sociedade norteamericana>⁹. Obviamente isto supuxo un proceso de cambio e, como tal, desencadeou un conflito que provocou que este esforzo recreador fose obstaculizado pola "nova clase intelectual", a cultura adversaria, obtendo como consecuencia unha sociedade culturalmente dividida, unha **Kulturkampf**¹⁰.

O comezo das hostilidades poderámolo situar nos anos sesenta, cando se forxan conceptos como os de "contracultura", "maioría silenciosa"..., pero as súas orixes están moito máis afastadas:

3.1.1. A herdanza puritana e a súa ambigüidade

O puritanismo deixou indubidablemente a súa marca nos EE.UU.¹¹. O insistir na austeridade de vida, e soster ademais que a prosperidade nos negocios era sinal de elección divina, contribuíu especialmente á formación dunha burguesía capitalista.

Pero á altura do século XIX, cando a industrialización é visible en América, xa se pode advertir unha certa ambigüidade no seo mesmo da sociedade americana; <o *public commitment*, coa xustiza e o benestar común, ten que coexistir coas fortes tendencias cara o interese privado que desata a industrialización económica>¹². Finalmente esta loita concluíu co

predominio unilateral das tendencias individuais, compatible cunha ética de acumulación de capital e crecemento económico mediante a iniciativa privada, o aforro e a produción; forxábase así unha ética puritana individualista.

Un dos neoconservadores, D. Bell, subliñou o carácter autodestructivo que tivo a evolución do capitalismo sobre a orde cultural e a dos valores¹³. Segundo a súa interpretación, foi o paso do capitalismo liberal e do *laisser-faire* ó capitalismo de consumo de masas dos anos vinte o que provocou o cataclismo dos valores do calvinismo puritano. Logo, de acordo con esta opinión, foi o "novo capitalismo", creador dunha "ética de consumo", o que minou a ética puritana, o aforro, a frugalidade, a abstinencia...

3.1.2. Keynes culpable

Este proceso de cambio moral impulsado polo capitalismo de consumo masivo consolidouse coa crise de 1929 e a súa superación a través do keynesianismo roosveltiano do *New Deal*. Keynes viu a forma de estimular a economía a través da demanda; pois ben, a opinión de Bell e os neoconservadores é que isto supuxo, así mesmo, un estímulo ó hedonismo, isto é, que o pago en cotas, o crédito, o intervencionismo estatal, etc., xeneralizaron os valores do consumismo e polo tanto do hedonismo como forma de vida. Mais alá das connotacións éticas que este punto de vista poida acarrexar, pódese apreciar nel unha posible xustificación doutra idea ligada ós neoconservadores: a economía de oferta. É interesante destacar que para moitos deles estamos a padecer-lo que sería a primeira recesión por un exceso de demanda. Os dispendios gobernamentais xunto cun público que perdeu a fe no aforro provocaron, segundo algúns autores, que se creara demasiada demanda para unha oferta non suficiente.

Xa que logo, unha vez rematada a Segunda Guerra Mundial, as expectativas crecentes dun keynesianismo redentor de situacións de pobreza (*Welfare State*) fixeron que se extenderan aínda máis os valores do consumismo¹⁴. Paralelamente, será na área do "igualitarismo" onde máis claramente se perciben eses cambios nos valores e nas actitudes ós que os neoconservadores fan

referencia; medra a tolerancia ideolóxica respecto ós xudeus e ós católicos, a racial respecto ós negros e fronte a grupos marxidados (comunistas, ateos e homosexuais), e liberalízanse as actitudes respecto ó divorcio, ó aborto, ás relacións prematrimoniais¹⁵... Todo isto xunto co "shock" do Vietnam e a clausura da prosperidade económica marcou, á altura dos anos setenta, o rexurdimento dunha sensibilidade nostálxica respecto ós vellos valores da ética puritana. A crise do Estado do Benestar, acelerada pola guerra do Vietnam e a crise enerxética, en definitiva, o fracaso keynesiano ante a rápida inflación, o enorme déficit público e o "relativismo moral" crecente e a denominada contracultura, vai supoñer-lo cuestionamento non só do keynesianismo como política económica senón tamén dos supostos valores inducidos pola "ética do consumo", e é xusto nesta fase de ruptura onde a reacción dos neoconservadores encontrou a súa xustificación; en termos kuhnianos, como xa mencionamos anteriormente, encontráramos, pois, nunha etapa de ciencia revolucionaria na que os distintos paradigmas existentes, tanto o principal (keynesiano) como os secundarios (entre os que se atopaba o neoconservadurismo) buscaban unha resposta ó que estaba acontecendo nos eidos político, económico e social, e evidentemente foi o neoconservadurismo quen ofreceu esa resposta.

3.2. O REXURDIMENTO DOS "PILGRIM FATHERS"

Situémonos nos anos 70; nun contexto de rancor contra un mundo desagradecido, de impaciencia respecto a Administración Carter e de nostalxia polos valores pioneiros que crearon Norteamérica herdados dos pais peregrinos, o Desquite e a Utopía¹⁶ dominaron ás restantes sensibilidades estadounidenses. Nacía así o Neoconservadurismo ou Nova Dereita norteamericana¹⁷.

3.2.1. O desquite dun pobo

<Tratábase dun desquite da moral familiar sobre o laxismo dos anos 60> pero, sobre todo, era un desquite do patriotismo humillado pola revolución iraniana, e que recuperaba con esa

afrenta o vigor perdido debido á guerra do Vietnam¹⁸.

Dende logo, cando se fala da sociedade dun determinado país, é moi difícil atribuírle un único calificativo que poida caracterizala a toda ela; do mesmo xeito que, por poñer un exemplo, a idiosincrasia galega poida ter pouco en común coa andaluza, a unha persoa da costa leste dos Estados Unidos pode parecerlle moi pintoresco un vaqueiro de Montana, pero se hai algo que hoxe por hoxe une mais ca nunca ós dous e a tódolos americanos en xeral, iso é, sen dúbida, o patriotismo; a devoción polo que representa unha bandeira, un himno e uns valores máis ou menos utópicos. De feito, Estados Unidos para moitas persoas é mais unha idea ou unha concepción da vida ca un país determinado.

E, ¿Por que é agora máis ca nunca cando se sente ese patriotismo? Por razóns evidentes: A guerra do Vietnam non rematou o 27 de Xaneiro de 1973 cos acordos de París nen coa volta dos mozos norteamericanos ala enviados. Despois de acabada a guerra no Vietnam, esta segufu nos Estados Unidos; en cada cidade, en cada pobo, en cada corazón de todo americano cun mínimo de sensibilidade, a loita continuaba. E non rematou ata moitísimo despois con 2 acontecementos moi importantes:

O primeiro deles aconteceu o 27 de Xaneiro de 1981, cando chegaban a Washington os reféns norteamericanos retidos en Teherán. Milloiros de persoas recibían ós 53 reféns tras 14 meses de cativeiro. A xente volvía sentirse parte dunha grande familia, orgullosa de pertencer a ela. O *New York Times* falaba dun patriotismo sen vergoña e os comentaristas das todopoderosas cadeas de televisión admitían que os reféns significaban ese símbolo ó que os norteamericanos necesitaban agarrarse. Non eran heroes, non gañaran batallas, pero foron a chispa necesaria para que o país volviera senti-la fraternidade nacional e, o americano, o orgullo de zelo.

Ós veteranos do Vietnam non os recibiron así; ¿Por que? Probablemente porque os americanos, despois de comprobar que o pobo ó que crían estar defendendo se revolvía contra eles, despois de tódalas atrocidades cometidas, necesitaban antes reconciliarse consigo mesmos. Ese día conseguírono.

Dende este punto de vista Jomeini podería pasar á historia como o home que fixo posible que os americanos comezaran a supera-lo trauma indochino (...), pero non todo o mérito é del; Saddam Hussein non foi menos. O segundo acontecemento crucial foi a guerra do Golfo que, entre outras cousas, supuxo nos Estados Unidos a auxe dun proceso de recuperación da moral e do patriotismo estadounidense que comezara en 1980 coa chegada de Reagan á Casablanca. Sen dúbida ningunha os medios de comunicación occidentais axudaron neste proceso, facendo posible incluso que Bush acadara o récord de popularidade cun 90% . E ben, non é casualidade que estes dous grandes sucesos tiveran lugar, xunto coa invasión de Granada e Panamá, o bombardeo de Trípoli, etc., despois de 1980 coa chegada do pensamento neoconservador ó poder.

Por outra banda o desquite refírese ó anteriormente mencionado "laxismo dos anos sesenta". O home normal, branco, heterosexual e pai de familia séntese en minoría. Desprezado nos anos 60, agora coñece unha nova expansión e os neoconservadores teñen moito que ver neste proceso. Se é nova esta dereita é, entre outras cousas, polos métodos que empregan; apelan directamente ó pobo, organizan manifestacións a Washington..., teñen unha capacidade de mobilización que non tiñan dende o maccarthismo. Existe un dito que sostén que a xente só se mobiliza se se lle infunde medo... Antes, en anos de McCarthy alá polos 50, ameazábase á xente co perigo roxo, comunista, pero xa non quedan máis comunistas dispoñibles a quen culpar dunha infiltración no interior de EE.UU. Así que hoxe ese vigor encóntrano na loita contra ese inimigo interior que é a muller liberada, a homosexualidade,... todo o que poida contribuír ó deterioramento da familia tradicional¹⁹. Así pois, se antes era a nación a que estaba en perigo, agora é a entidade doméstica a que provoca un fanatismo realmente eficaz: O 10 de Xuño de 1977 os habitantes do condado de Dade (Florida) pronunciábanse en contra dunha ordenanza que prohibía calquera discriminación contra os homosexuais. Así chegou Anita Bryant, ex Miss Oklahoma (...)²⁰, á súa victoria política. O seu argumento era simple: < como non poden reproducirse, os in-

vertidos deben facer proselitismo e ¿Cales son as súas primeiras vítimas? Naturalmente, os nosos fillos>²¹. Así logo encontrámonos con que pesan tres maldicións sobre o homosexual: <é un PECADOR por infrinxi-la lei divina, é un PERVERTIDO polos seus gustos contra natura e, sobre todo, é un CORRUPTOR que pon en perigo a familia>²². En conclusión, o homosexual é o novo comunista da paisaxe moral dunha determinada Norteamérica.

Sen embargo, homes como Reagan ou Gerald Ford intentaron desmarcarse deste activismo tan emotivo xa que sabían que comprometerse en campañas excesivamente moralistas sería un suicidio político. Preocupáronse máis dos problemas de interese xeral, nun afán de diferenciarse cada vez máis da dereita puritana preocupada pola moralidade e os costumes, non pola toma do poder. Así, desta forma, limitando os seus obxetivos é como a *new right* foi adquirindo maior influencia. En 1979 había quen dicía que a nova dereita non chegaría ó poder a través da vía das eleccións xerais: a realidade fala por se mesma e o verdadeiro perigo está en que este movemento só utiliza o xogo democrático para rexeita-las súas regras²³. En todo caso temos un exemplo máis claro aínda en Europa, onde non a nova dereita senón a extrema dereita volve ás andadas. En efecto, o home é o único animal que tropeza dúas veces na mesma pedra.

3.2.2. A utopía dunha sociedade enferma

A utopía refírese ó restablecemento do capitalismo na busca desas raíces Smithianas segundo as cales a riqueza das nacións depende de que se deixe ós cidadáns busca-lo seu propio beneficio, baixo a lei da oferta e da demanda, co menor grao de intervención estatal posible. Poderíase dicir que os libertarios son os máis radicais neste sentido pero non se debe esquecer que o programa de Reagan pretendía sanea-la economía limitando aínda máis os poderes da Administración central en favor das leis de mercado e da libre empresa. ¿Que temos hoxe nos Estados Unidos? A grande superpotencia sorprende polo contraste entre a gran riqueza e a miseria total, a solidariedade social brilla pola súa ausencia, o déficit non ten precedentes,... Logo, se partimos da base de que o estado debe cumprir ante todo as funcións de acumulación e lexitimización —é dicir, debe auxiliar, valla a redundancia, a acumulación de capital privado

ó mesmo tempo que mantén a harmonía social²⁴—, é evidente que, despois de máis de dez anos, o capitalismo salvaxe neoconservador provocou unha debacle e, sobre todo, a deslexitimización total e absoluta dos gobernos que o pretenderon levar a cabo; a harmonía social foi masacrada.

Por outra banda, o diagnóstico que se pode facer da sociedade actual nos EE.UU. e nos países desenvolvidos en xeral, ten uns trazos comúns independentemente da ideoloxía do observador. Para a maioría dos americanos a política deixou de formar parte das súas vidas. Esta perda de interese viuse acrecentada polo caso Watergate xa que Nixon arrastrou con el a toda a clase política. A opinión máis extendida é que non hai nada que se poida facer xa que "todo depende da inflación", é dicir, a economía é a que predomina, unha economía feita de especialistas, cifras... que aparece totalmente inaccesible ó profano. O sentimento de trivialidade da política exténdese cada vez máis. Non hai máis que consulta-la sección de *best-sellers* de calquera librería americana ou europea; encontrámonos cunhas cantas novelas, biografías, e unha serie de manuais que lle ensinarán como alcanza-la felicidade a través do orgasmo, técnicas de relaxación, etc...²⁵. En fin, receitas para alcanza-la felicidade aquí e agora, cun triunfo maioritario do pragmatismo, do individualismo e incluso do narcisismo. Ante este panorama, os neoconservadores propoñen a recuperación da xenuína tradición americana mediante unha sociedade burguesa liberal cunha ética cívica puritana que, segundo J.M^a Mardones, sería a base dunha "nova solidariedade". Mardones, sen embargo, non explica qué entende el por "nova solidariedade", e este é un punto importante ante a situación na que se atopa a sociedade norteamericana despois de máis dunha década de influencia neoconservadora.

4. O CORRELATO IDEOLÓXICO DO NEOCONSERVADURISMO

4.1. INTRODUCCIÓN

A esquerda europea adoita confundi-la sociedade americana co imperialismo do seu goberno; se en Estados Unidos se impuxo unha ideoloxía neoconservadora, non significa que pertenza á propia natureza das cousas. Segundo

temos visto xa, as razóns puideron se-los efectos da guerra do Vietnam, da contracultura ou dos movementos dos 60. De calquera xeito hai que ser prudentes; non se pode xulga-la política americana como se fóssemos capaces de dar leccións a ninguén, e menos nós, os europeos.

O que se denomina nova dereita americana procede, como vimos, da fusión dos grandes principios liberais e puritanos pero non constitúe un bloque indiferenciado; de aí, dicíamnos, a dificultade para defini-lo concepto "neoconservador". Ademais, a existencia desta ambigüidade irreductible fai moi difícil a unificación das novas dereitas americanas, e menos unha unificación que converxera nun neofascismo, como en Europa. Así mesmo, é normal escoitar verdadeiras advertencias contra esa dereita americana que supostamente será exportada a outros países como unha parte máis desa americanización que estamos a sufrir e, efectivamente, é necesario telo en conta, porque a tradición e as raíces dun pobo quizais sexan o máis importante que lles quede ás persoas, pero atención, ó mellor habería que poñer antes en orde a nosa casa; o discurso fascista que criamos morto está rexurdindo en Europa con todo o vigor que perdera na segunda gran guerra. Falan da necesidade das elites, da utopía do igualitarismo, non aparecen nin o puritanismo agresivo nin o capitalismo salvaxe típicos das dereitas americanas. En Europa afánanse en buscar un <pensamento coherentemente xerárquico, sustentar racionalmente a orde social, inmoviliza-la colectividade nunha estrutura piramidal,...>²⁶. A concepción que da sociedade se ten en Estados Unidos supón mobilidade, competitividade e aventura, que venza o mellor e que o estado non interfira nesa carreira. <Ningunha posición de dereita norteamericana renuncia á igualdade de oportunidades> sostén A. Finkelkraut²⁷. Está claro que esta aseveración tan xeral non é certa xa que o racismo e o desprezo de certas minorías non desapareceron do espectro político americano; sen embargo, non podemos negar que o mito do mozo vendedor de periódicos naceu na denominada "terra das oportunidades".

4.2. NOVA DEREITA

Xa vimos algúns trazos que permiten acuñar a esta dereita de "nova", pero se hai algo

que verdadeiramente cambiou é tanto a súa maneira de chegar ó pobo como as mesmas persoas ás que vai destinado o seu discurso. En Estados Unidos é a Nova Dereita a que pon en práctica os principios da esquerda europea; referendos, democracia local, activismo de barrio... Así, temos unha sociedade civil moi activa pero tamén moi reaccionaria. Parece que o activismo dos 60 volveu a rexurdir pero esta vez con distintos protagonistas.

En Francia tamén existe unha nova dereita nacida máis ou menos cando a americana. Alain de Benoist, un dos abandeirados desta nova dereita francesa expresaba en 1979 o por qué é nova esta dereita: <O que a prensa chama Nova Dereita é, en realidade, un conxunto de grupos de estudio, asociacións e revistas cunha actividade que se sitúa exclusivamente no terreo cultural. Os seus promotores son mozos universitarios, mozos periodistas e mozos investigadores que na súa maioría teñen de trinta a trinta e cinco anos, e tiñan vinte cara 1967-68. Por aquela época sentíanse en total ruptura coa vella dereita, tanto no terreo da sensibilidade como no das súas ideas, e sobre todo alleos ás súas crispacións tradicionais: o totalitarismo, o colonialismo, o nacionalismo, o racismo, a orde moral. Rexeitaban as súas desviacións, tanto a nacionalista, cos seus prexuízos, a súa xenofobia e as súas ostentosas complacencias, como a economizante, co seu liberalismo abstracto, o seu implícito igualitarismo e as súas inxustizas sociais; a totalitaria, coas súas nostalxias, os seus fantasmas de autoridade e o seu mito de xefe providencial, e a tradicionalista, cos seus soños reaccionarios, as súas referencias metafísicas e o seu pasadismo radical>²⁸.

Volvendo a Estados Unidos, Richard Viguierie, o home máis influente da nova dereita norteamericana aínda que non é político e polo tanto é pouco coñecido en Europa, financia as campañas electorais dos candidatos conservadores ás eleccións lexislativas e recolle fondos para o "comité conservador", para os "propietarios de armas de América", "americanos contra o control sindical sobre o goberno",... A súa arma é o contacto por correspondencia; para personaliza-los seus sobres, ademais de facer borróns co ordenador, utiliza unha máquina especial que pega os selos un pouco de lado, porque é ben sabido que o erro diferencia ó

home da máquina. Desta forma o neoconservadurismo conta cunha vantaxe especial sobre os seus adversarios liberais, creando unha base popular fiel e numerosa ademais de recadar fondos, xa que centos de miles de persoas envían 10, 15, 25 dólares respondendo á solicitude. Así mesmo, isto viuse complementado coa baixa presenza nas eleccións que, nos Estados Unidos se traduciu nunha representación electoral das capas medias altas en detrimento da clase obreira e do proletariado urbano das minorías raciais, ademais de que non existe un partido con base de clase e programas sociais como nos países europeos²⁹.

4.3. "COMEBACK" IDEOLÓXICO DO CAPITALISMO

Na época do intervencionismo estatal o capitalismo está moribundo; faise necesaria unha despolitización, un "comeback" ideolóxico do capitalismo. O neoconservadurismo esgrime unha serie de conviccións³⁰ que queren responder á tradición liberal mediante mensaxes tan persuasivas como "igualdade de oportunidades, non de resultados", "distinguir entre tratar á xente de maneira igual e facelos iguais", mantela meritocracia e reduci-la coerción do goberno e o intervencionismo estatal a fin de salvagardala regra da libre negociación... Alain de Benoist sostén que é por culpa da filosofía igualitarista polo que os pobos están perdendo a súa identidade. Todo o mundo reclama hoxe o dereito a ser diferente; pois ben, de Benoist cre que son as desigualdades as que producen as diferencias e, nunha sociedade na que reine a igualdade, desaparecerán³¹. De Benoist utiliza unha linguaxe que pode dar lugar a confusión; quizais, ó igual cós neoconservadores norteamericanos, non entende ou non quere entender a diferenza entre "igualdade" e "uniformidade", pois non é o mesmo obrigar a que tódolos homes conflúamos nunha mesma cultura —o que se podería denominar "uniformización"— que, por outra banda, intentar resolver as desigualdades sociais existentes, xa que o que é vergonzoso é que nun mundo de "sociedades opulentas"³² haxa xente sen unha frangulla de pan para levar á boca. Quizais se trate dunha confusión interesada, en todo caso, é importante distingui-los dous termos.

Ademais, para os neoconservadores, a xenerosidade é unha mala inspiradora³³; por moi boas que sexan as intencións, acabará por converterse en dilapidación. As prestacións custan moi caras á colectividade sen beneficiar por riba a quen deberían se-los beneficiarios. O seu razoamento encontra sustento en que moitas veces, por exemplo as casas baratas, non van a mans dos máis necesitados senón ás dos máis listos. Ademais a gratuidade é poder, e así se perde o control sobre a calidade do servizo. Todo isto fai que a "nova clase" vexa na estratexia neoconservadora un perigoso retroceso social de logros fundamentais penosamente arrancados ó capitalismo.

Nestes termos a reconstrucción neoconservadora da tradición liberal defende o capitalismo como a orde económica máis adecuado para a sociedade democrática. Así, o sistema económico non podería subsistir sen uns valores éticos e antropolóxicos que se toman como base: 1) un individualismo que busca a súa mellora; 2) a confianza no fondo moral da natureza humana; 3) a coherencia do sector privado baixo a influencia da relixión, os valores morais tradicionais e a familia³⁴.

Mención á parte neste apartado merece unha sección dos neoconservadores denominados "libertarios" ou "anarcocapitalistas". Poderíamos empezar por dar unha definición máis ou menos axeitada, pero se a un lle din que, para os libertarios, é tan inxusto obrigar a un home a gasta-los seus cartos axudando ós demais como obrigarlle a cede-la súa muller para que se deite con outros, probablemente o entenda moito mellor. Esta é a *grosso modo* a filosofía libertaria, curiosa tendencia que ademais de defende-lo ó *homo economicus* e a desaparición da democracia, profesa unha **despenalización dos costumes** na que se tratan temas como a filosofía da envexa, o pracer do sexo ou reflexións sobre a droga por exemplo. Entre os seus teóricos destacan M. Rothbard, R. Nozick e D. Friedman.

4.4. IMPERIALISMO

Poderíamos dicir que —con permiso de Lenin— en 1944 naceu o Imperialismo, tal e como o coñecemos hoxe en día, como consecuencia da filosofía roosveltiana segundo a cal

para evita-la reaparición da guerra e as crises económicas, era necesario un único mundo baixo a dirección americana. Os republicanos opoñíanse nun principio a un programa custoso que aumentara os poderes do estado pero, co tempo, o consenso imperialista foise reforzando pouco a pouco ante a ameaza soviética, e só co fin da guerra do Vietnam se quebrou este consenso; a expresión "mundo libre" non concordaba coa guerra sucia da cal recibía imaxes o pobo americano. Foi Carter quen, coa política de afirmación dos dereitos do home, intentou recupera-lo ideal perdido. Foi por iso polo que, en 1977, afirmaba que a confianza no futuro liberaría ó seu pobo do medo irracional ó comunismo que no pasado o levara a apoiar a calquera dictador con tal de que compartise ese horror.

A *new right* non estaba de acordo; coa intervención cubana en Africa, as revelacións sobre o carácter opresivo do réxime vietnamita e a realidade cambaxana, unha parte da opinión pública sentiuse confirmada no seu belicismo e comezou a supera-lo sentimento de culpa do Vietnam. En definitiva, o obxectivo dos neoconservadores era borrar Vietnam da memoria dos americanos para frea-la decadencia xeoestratéxica dos Estados Unidos, sendo os defensores máis destacados desta posición dura, non só os nostálgicos da guerra fría senón tamén conservadores de última hora, case todos desertores do partido demócrata, que conferiron ó anticomunismo militante o aval intelectual que ata hai pouco lles faltaba. Nathan Glazer, Irving Kristol e P. P. Monhyan son os membros máis prestixiosos desta elite que desexa un estado forte en política exterior.

4.5. "LÍMITES Ó MODERNISMO HEDONISTA"

O capitalismo democrático non é un sistema neutro para os neoconservadores. Para solucionar-la crise cultural o neoconservadurismo aporta unha resposta composta de tres puntos principais: En primeiro lugar pon unha forte énfase na recuperación da tradición relixiosa xudeu-cristiana ou dalgunha concepción da relixión (Daniel Bell), para impoñer normas morais á cultura e sinalar límites ós impulsos, á economía e á

tecnoloxía. Neste sentido é interesante coñecer-la opinión de R.J. Neuhaus, quen aposta claramente polo catolicismo restauracionista de Xoán Paulo II para recompoñer-los valores tradicionais puritanos. O segundo acento neoconservador radica no ámbito ético; recuperar unha ética cívica puritana que posibilite ó home moderno vivir nunha sociedade postindustrial e democrática. A maneira de conseguilo descansa nas estruturas intermedias da escola, a Igrexa e a familia. E por último, a terceira liña de actuación discorre polo ataque á "nova clase de coñecemento", a quen ven como inimiga do capitalismo democrático³⁵.

4.6. AS TRES DEREITAS

Despois deste pequeno recorrido polo eido ideolóxico en Estados Unidos, podemos ter xa unha visión do que é o panorama político norteamericano en canto a neoconservadurismo se refire:

Temos primeiro unha **Dereita Liberal**, coa súa vangarda anarcocapitalista que atribúe ó estado os males da economía; en segundo lugar contamos coa **Dereita Puritana**, que defende a célula familiar contra os seus múltiples asaltantes (homosexuais, abortistas, feministas,...); e a terceira delas a **Dereita Nacionalista**, que pretende devolver ós Estados Unidos a súa "seguridade" e a súa hexemonía³⁶.

Entre elas tódalas combinacións son posibles. Así, Norman Podhoretz relacionaba o pacifismo coa relaxación dos costumes e, antes de que se produciran os cambios na Europa do Leste, comparaba a distensión da época Carter coa política aplicada por Chamberlain respecto a Hitler, ademais de afirmar que todo isto se debía ó papel predominante dos homosexuais (...)³⁷.

5. A PRESIDENCIA REAGAN: DA HEXEMONÍA NORTEAMERICANA CUESTIONADA Ó TRIUNFO NEOCONSERVADOR

5.1. UNHA APROXIMACIÓN Ó HOME

"Hai xa moitos anos que se nos fai calar a vostedes e a min como a nenos e que se nos di

que non hai repostas simples para os problemas complexos que van mais alá da nosa comprensión. Ben, a verdade é que hai repostas simples" (...) ³⁸.

Sen dúbida, Ronald Reagan sabía como chegar á xente; recordemos que un actor triunfa ou fracasa, non pola verdade do que di, senón polo efecto que produzan os guións que outros escriben para el. Axustaba toda a información para que encaixara no seu molde ideolóxico; cando lle presentaban unha situación que contradecía o catecismo conservador, como bo discípulo de Adam Smith que é, non cambiaba a súa forma de pensar, senón os feitos. Ademais, Reagan non se poñía moi a miúdo a tiro doutras opinións que non foran as súas; o seu mundo á parte, de homes de negocios que se fixeron a si mesmos e de conservadores californianos, reforzaban as súas ideas de que os soviéticos e o *big government* ³⁹ estaban detrás de todo, ideas que revelaban un xefe do executivo pouco familiarizado coa diversidade norteamericana e que perduraron incluso no seu sucesor, George Bush ⁴⁰.

Aínda así, todo isto é distinto da fácil acusación de que "é só un actor parvo". Podería ser certo que eses grandes analistas da sociedade e intelectuais que forman a cúpula neoconservadora necesitasen a un home que puieran manexar ó seu pracer; de tódolos xeitos, Reagan demostrou se-lo suficientemente listo como para ser elixido presidente e aplicar despois a maior parte do seu programa económico e armamentístico, ó mesmo tempo que incluía en postos importantes a destacados membros da corrente neoconservadora, como Jeane Kirkpatrick (representante na ONU e de quen Reagan diría na súa reelección que podía ter sido unha boa vicepresidenta), Norman Podhoretz e B. Wattenberg (no aparato internacional de comunicacións), M. Novack (embaixador na comisión de dereitos humanos das Nacións Unidas), W. Bennet (secretario de Educación), Ch. Finn, W. Kristol, G. Himmelfarb (no Consello Nacional para Dotación de Humanidades), etc.

5.2. O GOBERNO CULPABLE

O modelo económico da Administración Reagan non foi ningunha innovación. O meca-

nismo de libre mercado existe formalmente dende 1776, pero quizais debera algunha xente deixar de busca-la inspiración na época dourada da revolución industrial.

Reagan non se fartaba de repetir que a mellor forma de axudar ós pobres é axudarlles a facerse ricos, dando facilidades a todo aquel con iniciativa e ganas de traballar para que poida saír da miseria, en lugar de coartarlle con impostos e regulacións ⁴¹. E a denominada "lei da marea" segundo a cal, cando a marea sobe, tódolos barcos, grandes e pequenos, soben con ela. O que hai que facer, entón, é dar incentivos ós máis capacitados para que activen o proceso económico, e dese despegue aproveitaranse os demais. En definitiva, trátase dun razoamento adicional para beneficiar sempre ós mesmos. Laffer e a súa curva déronlle ademais a Reagan un soporte teórico para xustifica-la baixada dos impostos; o economista californiano sostén que ó rebaixa-la presión fiscal, o goberno esperta en empresas e individuos a ansia de maiores beneficios, co que todo o mundo traballa e inviste máis. Segundo el, se soben os impostos, aumenta o que se saca por dólar, pero diminúe o número de estos a gravar ó frearse a actividade económica. Se se rebaixan os impostos, pola contra, sácase menos por dólar, pero ó multiplicarse o número de estas nunha economía en expansión, o fisco acaba recadando máis.

Así mesmo, despois de acusar ós beneficiarios do *Medicaid* ⁴² como unha masa sen rostro esperando unha esmola, Reagan logrou conseguir no congreso (de maioría demócrata) un recorte drástico dos orzamentos en 50.000 millóns de dólares, dos cales 37.000 correspondían a programas sociais ⁴³. O proceso que comenzara coa Proposición 13 en California seguía agora en Washington, de xeito que baixo o pretendido recorte da influencia do goberno na vida dos estadounidenses, as prestacións sociais, a educación, etc., víanse prexudicadas en favor dun agardado rexurdimento económico e, sobre todo, en favor dunha carreira armamentística que devolvera ó pobo americano á súa confianza e iniciara un proceso de resurrección espiritual.

Todo isto queda ben claro ante as declaracións de David Stockman, encargado de confeccionalo presuposto da Administración Reagan e que provocou un escándalo durante o

seu mandato dicindo que as contas gobernamentais non casaban, que o Pentágonos estaba a dilapidar cartos e que a reaganomics non era a fin de contas máis ca un cabalo de Troia para vende-la vella política republicana de favorecer ós ricos a cota dos pobres, e é que, seguindo o pensamento de Galbraith, os servizos públicos que se pretendían recortar son esenciais para os pobres, non para os ricos. Os ricos envían ós seus fillos ás escolas privadas; os pobres non teñen outra alternativa que as públicas. As regulacións de seguridade laboral protexen ós pobres, non ós ricos que non pisan as fábricas. Os ricos compran libros e cadros, os pobres van a bibliotecas e museos. Os ricos van ós seus terreos no verán, os pobres van ós parques públicos. Os ricos teñen os seus seguros privados, os pobres dependen da medicina social. De cada un depende concluír canto hai de verdade e canto hai de demagogia neste comentario; o verdadeiramente importante é que debería invitar a unha profunda reflexión.

5.3. O IMPERIO DO MAL

Ó longo do seu mandato tivo outra preocupación fundamental ademais da economía doméstica do seu país: a relación cos soviéticos e, como consecuencia, a carreira armamentística e o apoio a guerrillas e réximes sanguentos.

A opinión de Reagan era que para poder chegar a un acordo cos soviéticos en redución de armamentos, era necesario antes modernizalas tropas e fabricar novas armas para non quedar en desvantaxe e así acudir ás negociacións en termos de igualdade. Reagan repetía unha e outra vez que os soviéticos eran superiores a EE.UU., a pesar de que o propio Informe Anual para o ano fiscal de 1982 do Departamento de Defensa dicía que os EE.UU. e a Unión Soviética estaban aproximadamente igualados en poderío nuclear estratéxico.

Por outra banda, Reagan tiña dificultades para recordalos nomes dos dirixentes doutras nacións; bastáballe con mante-lo enfoque da "batalla das superpotencias". Así non tiña que aprenderse nada do resto dos países, porque eran só peóns dunha contenda de maior envergadura. Se unha nación se declaraba antisoviética era, *de facto*, unha democracia. Pola contra,

un goberno estranxeiro que non fose suficientemente antisoviético era, *ipso facto*, totalitario (ou autoritario se J. Kirkpatrick se sentía xenerosa)⁴⁴. Non houbo gabanzas suficientes para os dictadores da Arxentina, Corea, para Marcos en Filipinas ou para Pinochet en Chile; eran homes xustos que loitaban por unha causa xusta, e os dereitos humanos só viñan a complicalas cousas. Tomemos como exemplo o encontro que en 1982 mantivo Reagan co gobernante militar guatemalteco, Xeneral Efraín Ríos Montt; Reagan dixo, despois da reunión, que Montt estaba a recibir un "castigo inxusto" e que "estaba totalmente consagrado á democracia". Pero Montt (que lle dixo con orgullo ó presidente: "Non seguimos unha política de queimalos campos, seguimos unha política de queimar comunistas") xa tiña anunciado en agosto daquel mesmo ano un estado de sitio para que o goberno puera, dixo, "matar á xente legalmente". Segundo Amnistía Internacional, o goberno de Montt levou a cabo "matanzas xeneralizadas, incluíndo a execución extraxudicial de gran número da poboación civil non combatente, así como persoas sospeitosas de simpatizar con grupos da oposición, violentos e non violentos"⁴⁵.

Deste xeito e baixo este sentimento de anticomunismo, Reagan interveu en Centroamérica apoiando réximes dereitistas afíns (O Salvador, Honduras) e axudando á insurrección antisandinista en Nicaragua; mandou tropas a Granada en 1983 e intentou o bloqueo ó Panamá de Noriega; interveu, así mesmo, en Oriente Medio no conflito libanés (1983-84) e no conflito do golfo Pérsico (1987-88), favorecendo ós réximes árabes moderados á vez que a Israel.

Finalmente a chegada de Gorbachov ó poder na antiga URSS coa súa oferta de reformas interiores e de desarme tralas reunións preparatorias de Xenebra (1985) e Reiquiavik (1986), cristalizou en dúas reunións posteriores de distensión en Washington (1987) e Moscú (1988); asinou un acordo de limitación de armas nucleares de alcance intermedio e sentáronse as bases de diferentes acordos de non enfrontamento no escenario xeoestratéxico mundial, que supuxeron así mesmo conversacións para reduci-los focos internacionais de tensións (Oriente medio, Angola, Namibia, Afganistán, Camboxa,...)⁴⁶.

En fin, fose debido á chegada de Gorbachov ou á carreira armamentística iniciada por Reagan, o certo é que o clima de distensión logrado coa Unión Soviética fixo esquecer os escándalos atribuídos ós seus colaboradores, ademais de iniciar un proceso de cambio no denominado "orde mundial" que hoxe en día mantén ós EE.UU. como xuíz e parte dos contenciosos internacionais. E todo iso baixo o mandato dunha persoa cunha increíble fascinación polas profecías de Ezequiel, e que preparou ademais ó seu país para a loita final co "Anticristo"; o cal non deixa de ser anecdótico, como ben apreciou C. Abalo, para un home chamado Ronald Wilson Reagan, seis letras para cada nome, é dicir, 666.

NOTAS

1. É mester sinalar que o profesor García Menéndez da Universidade de Santiago de Compostela é quen dirixe este proxecto, ademais de se-lo culpable de que o autor deste modesto artigo, ex-aspirante a "yuppi", se percatara da verdadeira profundidade da súa ignorancia, razón esta pola que calquera estudante se vería obrigado, así mesmo, a extende-lo seu agradecemento a todas aquelas persoas que, como sostén o matemático francés Goudehent, axudan ós novos a converterse algún día en "homes capaces de reflexionar por si mesmos, de despreziosos argumentos falsos e as frases ambiguas,..." en definitiva, "homes libres, e non tecnócratas-robot", (cita extraída do artigo do profesor Quiñoa López "Plano de Estudios e Ética, en *Plano de Estudios, ¿Reforma ou Revolución?*, Publicación do C.A.F., 1992.
2. Finkielkraut, Alain: *La nueva derecha norteamericana*, Ed. Anagrama, Barcelona, 1981, p. 83.
3. Citado en *Mañana, el capitalismo*, de Henri Lepage, Alianza Editorial, Madrid, 1980. Quen así fala é James Buchanan —Premio Nobel de Economía en 1966—, cofundador xunto con G. Tullock da escola do Public Choice entorno ó Virginia Polytechnic Institute; a "teoría da elección pública" ven a situarse entre a economía e a ciencia política e consiste en estudar, dende o punto de vista do económico, tódalas decisións que se toman no sector público, e sempre partindo da base de que o individuo é quen ha de decidir. É tal a importancia do pensamento desta escola que incluso forman parte xa dos chamados "neocontractualistas", xunto con homes como J. Rawls e R. Nozick. Entre as súas obras máis importantes destacaríamos ante todo *The Calculus of Consent* —publicado na Univ. of Michigan Press, 1962— e *The Limits of Liberty* —Chicago-Londres, Univ. of Chicago Press, 1974—.
4. En 1978 sometíase a referendo en California unha proposta que reducía os impostos pagados polos propietarios ás administracións locais nun 57%; tal iniciativa, coñecida como Proposición 13, venceu por aplastante maioría.
5. Finkielkraut, Alain. Op. cit., p. 86.
6. Idem, p. 85.
7. Citado en *Maquiavelo o los orígenes de la sociología del conocimiento*, de Gérard Namer, Ed. Península, Barcelona, 1980, p. 41.
8. Mardones, José M^a: "La kulturkampf del neoconservadurismo americano", *Sistema*, N^o 91, xullo 1989, p. 57.
9. *Ibidem*.
10. Así denominan os neoconservadores á súa tarefa de enfrontamento coa cultura oposta. As connotacións que pode levar consigo esta palabra dan lugar a unha grande marxe de interpretación (...).
11. O legado puritano como motor de desenvolvemento económico está amplamente tratado en *La ética protestante y el espíritu del capitalismo de M. Webber*, Ediciones Península, Barcelona, 1969.
12. Mardones, José M^a: *La Kulturkampf del neoconservadurismo americano*, art. cit. p. 58.
13. Para profundizar no pensamento de Daniel Bell léanse *Las contradicciones culturales del capitalismo*, Alianza Editorial, Madrid, 1977, e tamén *El fin de las ideologías*, Ed. Tecnos, Madrid, 1964.
14. Mardones, José M^a: *La Kulturkampf del neoconservadurismo americano*, art. cit., p. 60.
15. Idem, p. 61.
16. Finkielkraut, Alain. Op. cit., pp. 11-15.
17. Algúns autores chegan a distinguir como dúas tendencias distintas ó neoconservadurismo (desertores do partido democrata) e a nova dereita (que sería a mesma vella dereita pero

- con métodos novos). Cuestión de terminoloxía que dificulta aínda máis a delimitación deste proxecto; en calquera caso, non deixan de se-las dúas caras dunha mesma moeda.
18. Finkielkraut, Alain. Op. cit., p. 11.
 19. Idem, pp. 29-30.
 20. É, cando menos, hipócrita, ó noso entender, a actitude dalgunhas persoas: hai a quen lle preocupa o suposto proselitismo dos homosexuais, pero non ten problemas en exhibi-lo seu corpo; hai quen está en contra do aborto, pero apoia a pena capital,... ¿Por que algo que non é "normal" debe ser, *ipso facto*, maligno? ¿Quen nos creemos nós para decidi-la morte de ninguén? ¿Por que sinxelamente non podemos respecta-la vida e o modo de vida dos demáis?
 21. Finkielkraut, Alain. Op. cit., pp. 29-30.
 22. *Ibidem*.
 23. Idem, pp. 31-32.
 24. En 1973, J. O'Connor ofrecía en *La crisis fiscal del Estado* —Ed. Península, Barcelona, especialmente p. 26 e 320-323— unha completa visión sobre a crise fiscal dun Welfare State no que as necesidades de acumulación e lexitimación incrementaban os gastos públicos ata que ó final o estalido era inevitable; moitas das súas ideas encaixaban, aínda que involuntariamente, co acontecido na década dos oitenta. Así, foi Ian Gough quen, aproveitando a súa metodoloxía, realizaba unha crítica que explicaba xa os verdadeiros efectos que as políticas conservadoras estaban a provocar no estado de benestar —*Economía política del estado de bienestar*, H. Blume, Madrid, 1982, especialmente pp. 119-123—.
 25. Finkielkraut, Alain. Op. cit., p. 77.
 26. Idem, pp. 52-53.
 27. *Ibidem*.
 28. De Benoist, Alain: *La nueva derecha*, Ed. Planeta, I.E.E., Barcelona, 1982, p. 15.
 29. Finkielkraut, Alain, Op. cit., pp. 26-27.
 30. Neste apartado é de especial interese o libro de Milton e Rose Friedman, *Libertad de-elegir*, Ed. Grijalbo, Barcelona, 1987.
 31. De Benoist, Alain. Op. cit., pp. 124-129.
 32. Termo acuñado por Galbraith ás sociedades dos países desenvolvidos.
 33. Friedman, M. & R. Op. cit.
 34. Mardones, José M^a: *La Kulturkampf del neo-conservadurismo norteamericano*, art. cit. p. 72.
 35. Idem, pp. 73-74.
 36. Finkielkraut, Alain, Op. cit., p. 59.
 37. Idem, p. 60.
 38. M. Gren; G. McColl: *Ronald Reagan, el rey del error*, Ed. Fundamentos, Madrid, 1986, p. 19.
 39. Big Government: Expresión que fai referencia a un goberno desmesuradamente grande que intervén na empresa privada, na vida particular dos cidadáns, etc.
 40. Na súa campaña pola reelección, Bush declaraba: "O goberno é demasiado grande e costa moito mantelo; creo tamén nunha forte defensa para este país, boas escolas, rúas seguras, e responsabilidade persoal".
Yang, John E.: "Doing what he has to, Bush declares for second term", *International Herald Tribune*, Martes, 13 de Febreiro de 1992.
 41. Reagan, R.W.: *Una vida americana (Autobiografía)*, Ed. Plaza Janés, C. 16, Madrid, 1991, pp. 348, 364.
 42. Medicaid: ("Axuda Médica") Programa financiado conxuntamente polos estados e o goberno federal destinado a proporcionar asistencia médica ás persoas que non poden custeala polos seus propios medios.
 43. Reagan, R. Op. cit., pp. 292-297.
 44. J. Kirpatrick sostén que a diferenza entre un estado totalitario (como a antiga Unión Soviética) e un estado autoritario, é que deste último as persoas poden marchar libremente; para ela son preferibles estes últimos.
 45. Green-McColl. Op. cit., p. 25.
 46. Reagan, R. Op. cit.